



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Estancias Clínicas VII		Código	661G01031
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I,II,III para poder cursar esta materia.			
Departamento				
Coordinación	Rei Serra, Teresa	Correo electrónico	teresa.rei@udc.es	
Profesorado	Rei Serra, Teresa	Correo electrónico	teresa.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia Estancias Clínicas VII correspóndese co nivel intermedio da aprendizaxe práctica tutelada e relaciónase directamente coa materia Enfermaría materno-infantil.</p> <p>Pretende introducir ó estudante no coñecemento do contexto pediátrico, para o desenvolvemento de habilidades e destrezas nos coidados aplicados neste ámbito, co obxectivo primordial de que aprenda a planificar, prestar e avaliar os coidados de enfermaría á poboación infantil.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Cooperar/colaborar co equipo asistencial sanitario das unidades de coidados infantís.	A62	B3 B5 B6 B7 B8 B9
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva cos nenos ingresados nas unidades de coidados infantís e coas súas familias.	A62	B3 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C3 C4 C10 C12



<p>Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde dos nenos enfermos e das súas familias. Colaborar e/ou executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade do neno.</p>	<p>A62</p>	<p>B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24</p>	<p>C1 C3 C4 C7 C11</p>
<p>Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias</p>	<p>A62</p>	<p>B5 B6 B7 B9 B10 B13 B14 B15 B16 B24</p>	<p>C1 C4 C7 C11</p>

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en unidades de coidado infantil hospitalario.</p>	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
<p>Actividades iniciais</p>	<p>A62</p>	<p>1</p>	<p>0</p>	<p>1</p>
<p>Prácticas clínicas</p>	<p>A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12</p>	<p>120</p>	<p>0</p>	<p>120</p>
<p>Solución de problemas</p>	<p>A62 B1 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12</p>	<p>2</p>	<p>20</p>	<p>22</p>
<p>Atención personalizada</p>		<p>7</p>	<p>0</p>	<p>7</p>



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividade de carácter obrigatorio. Realizarase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos precisos para o correcto desenvolvemento da materia, a realización do traballo (solución de problemas), así coma a forma de avaliación.
Prácticas clínicas	Desenvólvense no primeiro cuatrimestre do cuarto curso. Teñen como finalidade capacitar ós estudantes para identificar os problemas de saúde dos nenos enfermos e colaborar na planificación, execución e avaliación dos coidados prestados ó neno e á súa familia. Os rotatorios clínicos realizaranse nunha unidade pediátrica do Hospital Teresa Herrera (Materno-infantil) e en quendas rotatorias de mañá ou tarde.
Solución de problemas	Actividade encamiñada a promover a aprendizaxe autónoma do estudante. A asistencia será obrigatoria. O estudante poderá elixir entre describir e analizar un protocolo, técnica ou procedemento específico da unidade; ou describir e analizar unha situación clínica concreta para a súa abordaxe e resolución con metodoloxía enfermeira.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante debe acadar.
Prácticas clínicas	Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico. A atención personalizada relacionada coa Solución de problemas ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das técnicas ou procedementos ou na descrición do caso clínico. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A62 B1 B3 B5 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Criterios de avaliación: 1. Presentación oral e escrita: 2 puntos. 2.Capacidade de síntese: 2 puntos. 3. Razoamento clínico: 4 puntos. Argumenta a selección das intervencións e identifica os puntos de vista diferentes. Establece criterios para avaliar a efectividade das intervencións 4. Aportación persoal: 2 puntos.	50
Prácticas clínicas	A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia será obrigatoria.	50

Observacións avaliación



Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia e ter superadas as Estancias Clínicas I, II e III, tal e como consta na memoria do título de grao.

A aplicación das porcentaxes na avaliación final para a superación da materia quedará suxeita a que cada unha das metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas polo estudante segundo os criterios que se establezan.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán comunicarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa as Estancias Clínicas. Éstas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non comunicadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

Ó finalizar o período de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a Memoria segundo se especifica no Regulamento de Estadías Clínicas.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas.

Avaliación 2ª oportunidade

Dado que as prácticas clínicas son de carácter presencial, e polo tanto non recuperables, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar as actividades relativas á solución de problemas.

Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial

Dado que as prácticas clínicas son de carácter presencial, e polo tanto non recuperables, non é posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.

Fontes de información

Bibliografía básica	Aguilar Cordero MJ. Tratado de enfermería infantil. Cuidados pediátricos. Madrid: Elsevier Science; 2008. Chaure López I, Inarejos García M. Enfermería Pediátrica. Barcelona: Elsevier Masson; 2007. Ruiz González MD, Martínez Brellas MR, González Carrión P. Enfermería del niño y el adolescente. 2ª ed. Madrid: Difusión Avances de Enfermería; 2009. González Villanueva P. Enfermería de la infancia y la adolescencia. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces; 2011. Gómez García CI, Díaz Gómez M, Ruiz García MJ. Enfermería de la infancia y la adolescencia. Madrid: McGraw-Hill Interamericana; 2001. Morales Gil IM, García Piñero JM. Guía de intervención rápida en Enfermería Pediátrica. Madrid: DAE; 2003. NANDA internacional. Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2012-2014. Madrid: Elsevier; 2013. Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E. Clasificación de resultados de enfermería (NOC). 4ª ed. Barcelona: Elsevier; 2009. Bulechek GM, Butcher HK, McCloskey Dochterman J. Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). 5ª ed. Barcelona: Elsevier; 2009. NANDA Internacional. Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier; 2011. Complejo Hospitalario Universitario Juan Canalejo. Planes de Cuidados. A Coruña; 2002. Complejo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC) . Manual de Procedimientos de Enfermería do Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña; 2008. Enlaces de interese Fisterra: http://www.fisterra.com/
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

